

RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 18 DE SETEMBRO DE 2026.

Información e actividade corporativa

1. Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Jorge Boado Presas.
2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2026, de 31 de xullo.
3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xullo ao 13 de setembro de 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a actividade de investigación da "Aproximación á historia das políticas culturais en Galicia (1978 - 2024)"
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2026

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental A Creba para financiar a Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral e do correspondente convenio de colaboración.
7. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Caritas Diocesana de Santiago para financiar a Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

8. Aprobación da rectificación de erro material advertido no convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes, aprobado por acordo plenario número 14, de data 31 de xullo de 2026.
9. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de O Pino polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras na senda peonil de Regas a Cruce Casal, O Pino".

10. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras da ampliación da rede de distribución de auga na parroquia de Visantoña, Mesía".

11. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de execución do novo edificio de gradas de vestiarios do C.F. Redondo, Oleiros".

12. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Outes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da capa de rodaxe Vilar de Outes e outros, Outes".

13. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a "adquisición dun ben inmovible para ampliación da Casa Consistorial, Pontedeume".

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos" do Concello de Mazaricos incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0371.0

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo", do Concello de Oleiros incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0478.0

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2100.0079.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2000.0180.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

18. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xullo de 2026.

19. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2026.

20. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente correspondente ao segundo trimestre de 2026.

21. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2026 e proxección a 31/12/2026.

22. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23. Aprobación inicial do regulamento de persoal temporal da Deputación Provincial da Coruña

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

24. Aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña 2026

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

25. Aprobación do proxecto de obra DP 1705 Tarrío a O Gaiteiro. Mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP e polideportivo de Tarrío (Culleredo).

1.- Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Jorge Boado Presas.

Don Jorge Boado Presas toma posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2026, de 31 de xullo.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 7/2026, de 31 de xullo.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xullo ao 13 de setembro de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xullo ao 13 de setembro de 2026.

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a actividade de investigación da "Aproximación á historia das políticas culturais en Galicia (1978 - 2024)"

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000010945 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta una subvención nominativa para cofinanciar a Aproximación á historia das políticas culturais en Galicia (1978 - 2024) propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 21 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 32.000,00 €, concedida para cofinanciar a actividade de investigación de "Aproximación á historia das políticas culturais en Galicia (1978 – 2024)", cun orzamento subvencionado de 40.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a actividade de investigación "Aproximación á historia das políticas culturais de Galicia (1978–2024)"

Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Don/a _____, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar e que ten como unha das súas funcións, de acordo co artigo 4.1.a), a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.

2.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

3.- A Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas.

4.- A Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da actividade de investigación “Aproximación á historia das políticas culturais de Galicia (1978–2024)

O proxecto desenvolverase en tres fases principais. A estrutura secuencial garante unha construción progresiva de coñecemento, con fases de validación intermedia e de devolución pública dos resultados

Fase 1: Recompilación e revisión bibliográfica e documental.

- O proxecto comezará cunha compilación exhaustiva da documentación sobre a política cultural en Galicia nas últimas décadas (leis, decretos, memorias, plans, orzamentos, etc.) que permita realizar unha análise histórica para identificar os fitos, cambios e tendencias máis relevantes.
- Compilación exhaustiva de estatísticas culturais que permitan dispor de datos de contraste.
- Compilación e análise de bibliografía especializada.

Fase 2: Traballo de campo.

- Elaboración de entrevistas en profundidade con axentes culturais: responsables políticos, funcionarios/as públicos e persoal eventual, entidades culturais, expertas/os e investigadoras/es na materia, artistas e creadoras/es, consumidoras/es de cultura.
- Realización de grupos focais con profesionais do sector para complementar as conclusións anteriores e recoller as opinións dos distintos actores do ecosistema cultural sobre a evolución e situación actual da política cultural.
- Ambas técnicas, as entrevistas en profundidade e os grupos focais poderán ser substituídas pola técnica cualitativa do cuestionario Delphi, se así o considera o equipo investigador.

Fase 3: Análise e redacción.

- Análise de resultados e redacción dun documento informativo e visualmente atractivo que sintetizará as principais etapas da política cultural galega nas últimas décadas utilizando gráficos, infografías, táboas e resumos executivos para facilitar a súa comprensión.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Persoal propio (Cofinanciamento 20% USC)	8.000,00 €
Persoal contratado: 1 investigador colaborador a tempo completo	21.000,00 €
Viaxes e dietas	1.500,00 €
Material funxible	600,00 €
Servizos externos	3.300,00 €
Outros gastos imputables directamente á actividade	1.186,21 €
Custos indirectos (calculados unicamente sobre o 80 % correspondente á aportación da Deputación da Coruña)	4.413,79 €
TOTAL GASTOS	40.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **32.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrência de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtenente, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2026

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000016085 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Academia Galega do Audiovisual polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo do ano 2026, propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 2 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 13.170,00 € á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2026, cun orzamento subvencionado de 17.970,00 €, de acordo co texto que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3343/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2026

Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

Segundo.- Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos *Premios Mestre Mateo* cos que se recoñece a profesionalidade e calidade dun sector en auxe, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público, que fan que actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores sexan referentes tanto dentro como fóra de Galicia.

O Ciclo Mestre Mateo 2026, circuíto de cinema galego é un proxecto impulsado pola Academia Galega do Audiovisual que ten como obxectivo principal ofrecer á cidadanía unha programación audiovisual de calidade e de produción galega. A programación do Ciclo está composta polas longametraxes finalistas da edición XXIV dos Premios Mestre Mateo.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinto.- A Deputación da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha

subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Academia Galega do Audiovisual, con NIF G15844145, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do Ciclo Mestre Mateo 2026, co seguinte contido:

Longametraxes de Ficción: Antes de nós, As liñas descontinuas, San Simón e Sirat.

Longametraxes documentais: 360 curvas, Ao son da nova regueifa, Deuses de Pedra e O silencio herdado.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Arrendamentos e canons	8.735,00
Contratacións externas	2.327,20
Publicidade e propaganda	1.100,00
Soldos e salarios	4.605,85
Seguridade social a cargo da entidade	1.201,95
Importe	17.970,00€

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **13.170,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **73,28881 %**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,28881 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponde á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Atendendo á solicitude presentada, autorízase á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que poida concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza provincial de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario. A contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non superará o límite máximo do 40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.)

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación

da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio

poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental A Creba para financiar a Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral e do correspondente convenio de colaboración.

1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 23 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 200.000,00 €, á Asociación Saúde Mental A Creba para financiar a Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral, cun orzamento subvencionado de 545.600,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente Orzamento.

5.- Aprobar o texto do convenio.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

7.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Saúde Mental A Creba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral

Na Coruña, a ____ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dña _____ o/a Presidente/a da Asociación Saúde Mental A Creba

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- A Asociación Saúde Mental A Creba é unha entidade sen ánimo de lucro e, segundo se indica no artigo 3 dos seus estatutos, ten como fin xeral a mellora da calidade de vida de persoas con problemas de saúde mental, as súas familias e achegados, procurando unha mellor relación entre a persoa, o medio familiar, social e a ser posible laboral.

Como fins específicos, entre outros:

- Estimular aquelas iniciativas propias e alleas dirixidas a facilitar a posible integración integral das persoas con problemas de saúde mental.
- Promover activamente a inserción sociolaboral de colectivos en risco ou situación de exclusión.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Saúde Mental A Creba, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Saúde Mental A Creba, NIF G15476310, para o financiamento da Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral.

A Reforma do local para Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral aparece definida no proxecto realizado por Martín Insua Calvo, Arquitecto con número de Colexiado 4481.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 545.600,00 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	496.000,00
--------------------------------------	-------------------

0 % Gastos xerais	0
0 % Beneficio industrial	0
I.V.E (10%)	49.600,00
TOTAL ORZAMENTO	545.600,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **36,65689 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **36,65689 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Saúde Mental A Creba obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Saúde Mental A Creba o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Asociación Saúde Mental A Creba deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Difusión do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Saúde Mental A Creba estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Saúde Mental A Creba unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- * **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista.
- * **Informe técnico** no que se acredite que a obra executada, correspondente á fase financiada pola Deputación, é susceptible de utilización independente.
- * **Factura/s** expedidas polo contratista.
- * **Certificación** de aprobación da/s mesma/s polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula

QUINTA (mediante a presentación de fotografías) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación Saúde Mental A Creba deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Saúde Mental A Creba para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Saúde Mental A Creba da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Saúde Mental A Creba.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Saúde Mental A Creba deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Saúde Mental A Creba destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Saúde Mental A Creba deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Saúde Mental A Creba poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Saúde Mental A Creba queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Saúde Mental A Creba serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Saúde Mental A Creba será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de outubro de 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2027**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Saúde Mental A Creba, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas

as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Caritas Diocesana de Santiago para financiar a Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 13 de agosto de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **129.975,19 €**, a Caritas Diocesana de Santiago para financiar a *Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas*, cun orzamento subvencionado de 162.468,99 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente Orzamento.

5.- Aprobar o texto do convenio.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

7.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Caritas Diocesana de Santiago polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte Dña _____ a Directora de Caritas Diocesana de Santiago

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que Caritas Diocesana de Santiago é unha entidade sen ánimo de lucro e, segundo se indica no artigo 4 dos seus estatutos, ten como fin específico realizar, promover, orientar, potenciar e coordinar a acción social caritativa e social da Igrexa para as persoas máis necesitadas.

Entre os colectivos de especial atención atópanse as persoas en situación de desemprego, así como calquera outro no que concorran factores de exclusión social ou risco da mesma.

Dado o interese coincidente da Deputación e de Caritas Diocesana de Santiago, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caritas Diocesana de Santiago, NIF R1500053B, para o financiamento da Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas.

A Substitución das ventás do Centro de Formación e Emprego Violetas aparecen definidas no proxecto realizado por Loreta Facal Grobas, Arquitecta técnica con número de colexiada 2461.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 162.468,99 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	134.271,90
--------------------------------------	-------------------

21 % IVE

28.197,09

TOTAL ORZAMENTO

162.469,99

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **129.975,19 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Caritas Diocesana de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle a Caritas Diocesana de Santiago o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

V.- Difusión do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, Caritas Diocesana de Santiago estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada a Caritas Diocesana de Santiago unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista.

* **Factura/s** expedidas polo contratista.

* **Certificación** de aprobación da/s mesma/s polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do

vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, Caritas Diocesana de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a Caritas Diocesana de Santiago para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Caritas Diocesana de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Caritas Diocesana de Santiago.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- Caritas Diocesana de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- Caritas Diocesana de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se

poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, Caritas Diocesana de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Caritas Diocesana de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Caritas Diocesana de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Caritas Diocesana de Santiago serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Caritas Diocesana de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2027**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude de Caritas Diocesana de Santiago, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

8.- Aprobación da rectificación de erro material advertido no convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes, aprobado por acordo plenario número 14, de data 31 de xullo de 2026.

1º.- Con data de 31 de xullo de 2026 o pleno da corporación provincial acordou a aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes, cunha achega provincial de 345.809,55 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 100,00 % respecto dun orzamento de 345.809,55 euros.

2º.- Previa a sinatura do convenio detéctase un erro material no texto do mesmo relativo a:

ANTECEDENTES

*A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Miño**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:*

“... Declarar que as razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto son as que se indican a continuación: a construción dunha cuberta sobre a pista polideportiva situada en San Xoán de Vilanova, o carón da Asociación de Veciños Xarío no Concello de Miño é unha actuación de gran interese social, que demandan os veciños das parroquias de Perbes, San Xoán de Vilanova e a Entidade singular Costa Miño. Esta actuación permitirá a promoción de actividades no exterior de carácter deportivo, cultural e de lecer ó longo de todo o ano, protexendo as mesmas do sol e da auga. ...”

Esta problemática está a supoñer un grave risco de caídas (algo do que se queixan numerosos veciños/as) polos continuos tropezos con estes desniveis. Tamén provocan continuas vibracións ás persoas que pasean as súas crianzas en carriños ou cadeiras ou que pasean en bicicleta. A definida no parágrafo anterior é unha patoloxía xeral na senda marítima...”

3.- Sendo que non corresponde o párrafo “...Esta problemática está a supoñer un grave risco de caídas (algo do que se queixan numerosos veciños/as) polos continuos tropezos con estes desniveis. Tamén provocan continuas vibracións ás persoas que pasean as

súas crianzas en carriños ou cadeiras ou que pasean en bicicleta. A definida no parágrafo anterior é unha patoloxía xeral na senda marítima...”, en aplicación do **artigo 109. Revocación de actos y rectificación de errores**, da ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, procede rectificar o texto do convenio que previamente foi aprobado polo pleno de 31 de xullo de 2026.

4º.- Procede aprobar o texto do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes**, cunha achega provincial de **345.809,55 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **100,00 %** respecto dun orzamento de **345.809,55 euros**, coa rectificación proposta.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA INSTALACIÓN DA CUBERTA DA PISTA POLIDEPORTIVA EN VILANOVA-PERBES.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF **P1500000C** , representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Miño**, con CIF **P1504900J**, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Miño**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... Declarar que as razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto son as que se indican a continuación: a construción dunha cuberta sobre a pista polideportiva situada en San Xoán de Vilanova, o carón da Asociación de Veciños Xarío no Concello de Miño é unha actuación de gran interese social, que demandan os veciños das parroquias de Perbes, San Xoán de Vilanova e a Entidade singular Costa Miño. Esta actuación permitirá a promoción de actividades no exterior de carácter deportivo, cultural e de lecer ó longo de todo o ano, protexendo as mesmas do sol e da auga. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Miño** con CIF P1504900J para o financiamento da obra denominada **instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Couto López, asinado en Abril 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	240.162,20 euros
Gastos xerais 13,00%	31.221,09 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	14.409,73 euros
IVE (21%)	60.016,53 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	345.809,55 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **345.809,55 euros** o que representa unha porcentaxe de **100,00%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3420/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.

- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E

A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un

programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Miño** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo

inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, implicará que o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)
6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*).

9.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de O Pino polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras na senda peonil de Regas a Cruce Casal, O Pino".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello do Pino **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras na senda peonil de Regas a Cruce Casal, O Pino**”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de O Pino polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras na senda peonil de Regas a Cruce Casal, O Pino**” cunha achega provincial de **94.526,68 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/4532/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **118.158,35 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á entrada en vigor do EMC 3/2026, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE O PINO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA SENDA PEONIL DE REGAS A CRUCE CASAL, O PINO.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo

seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de O Pino**, con CIF P1506700B, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de O Pino**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...O Concello de O Pino conta cunha extensión total de 132,30 km², vertebrados na maioría dos casos por rúas, estradas, pistas e camiños de titularidade municipal, así segundo a enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais da Deputación da Coruña, o concello conta con 580,57 km de estradas e 48,70 km de rúas, o que supón un gran esforzo en labores de conservación para o municipio, non contando, ademais, con axudas suficientes para este fin desde os diferentes organismos supramunicipais, de aí a necesidade de solicitar axudas directas para este fin.

Estas actuacións teñen carácter estratéxico e prioritario, xa que permiten neutralizar puntos de risco viario que comprometen a seguridade da poboación, garantir desprazamentos seguros para peóns, reforzando a protección de persoas maiores, nenos e colectivos vulnerables, asegurar a continuidade operativa das conexións internas do termo municipal, clave para a actividade económica e para o acceso a servizos esenciais e reforzar a equidade territorial, habilitando unha mobilidade inclusiva e adaptada ás necesidades reais da cidadanía.

A intervención actúa como catalizador dun espazo público máis seguro, resiliente e funcional, consolidando unha infraestrutura básica que incide directamente no interese social, económico e humanitario do municipio.

Esto denota a urxencia da actuación considerando así necesario a solicitude da concesión da correspondente subvención nominativa a través da sinatura de convenio de colaboración...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **O Pino** con CIF P1506700B para o financiamento da obra denominada “**senda peonil de Regas a Cruce Casal, O Pino**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Pablo Blanco Ferreiro, en Outubro de 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	82.060,11 euros
Gastos xerais 13,00%	10.667,81 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.923,61 euros
IVE (21%)	20.506,82 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	118.158,35 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **94.526,68 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre

o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/4532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento

aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.

- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificandos, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro

sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de O Pino** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)

10.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras da ampliación da rede de distribución de auga na parroquia de Visantoña, Mesía".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Mesía **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras da ampliación da rede de distribución de auga na parroquia de Visantoña, Mesía**”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras da ampliación da rede de distribución de auga na parroquia de Visantoña, Mesía**” cunha achega provincial de **499.350,92 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/1611/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **624.188,65 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á entrada en vigor do EMC 3/2026, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NA PARROQUIA DE VISANTOÑA, MESÍA”

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou

deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Mesía**, con CIF P1504800B, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Mesía**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...Mesía é un concello rural cunha elevada dispersión xeográfica. A pesar desta dificultade, dende o concello sempre loitamos por conseguir dotar dunha rede de abastecemento de auga potable á nosa veciñanza co fin de cubrir as súas necesidades básicas, proxecto de suma importancia e gran repercusión tanto dende o punto de vista básico, social como económico.

Mesía conta cunha rede de abastecemento de auga potable en nove das súas parroquias e actualmente, tras a elevada demanda veciñal, o concello quere facer unha nova ampliación achegándoa a unha das parroquias con máis poboación deste concello.

...Este concello conta cunha rede de abastecemento de auga potable pero que é insuficiente para cubrir todas as necesidades da veciñanza pois non chega a todas as parroquias do municipio.

...é necesario e urxente realizar unha nova ampliación da dita rede de abastecemento achegándoa a outras parroquias do concello co fin de garantir o dereito ao subministro, mellorar a calidade de vida e a saúde pública da comunidade veciñal...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Mesía** con CIF P1504800B para o financiamento da obra denominada “**ampliación da rede de distribución de auga na parroquia de Visantoña, Mesía**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don José A. Núñez Ares, en xuño de 2026.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	433.494,44 euros
Gastos xerais 13,00%	56.354,28 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	26.009,67 euros
IVE (21%)	108.330,26 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	624.188,65 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **499.350,92 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco

se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/1611/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación

do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a

ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificandos, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Mesía** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O **dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral *(ou quen legalmente lle substitúa)*

11.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de execución do novo edificio de gradas de vestiarios do C.F. Redondo, Oleiros".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Oleiros **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "obras de execución do novo edificio de gradas de vestiarios do C.F. Redondo, Oleiros", e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "obras de execución do novo edificio de gradas de vestiarios do C.F. Redondo, Oleiros" cunha achega provincial de **400.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **23.00158 %** respecto dun orzamento de **1.739.011,12 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á entrada en vigor do EMC 3/2026, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA EXECUCIÓN DO NOVO EDIFICIO DE GRADAS DE VESTIARIOS DO C.F. REDONDO, OLEIROS"

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou

deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Oleiros**, con CIF P1505900I, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Oleiros**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...O actual edificio do campo de fútbol de Montrove, que alberga as gradas cubertas, descubertas, almacéns e vestiarios, son antigos e se atopan en mal estado, ademais de non se poder utilizar cando chove pola inexistencia de cuberta e o deficiente deseño da parte inferior, sí cuberta, pero que impide a visibilidade do campo en boa parte da súa superficie. Trátase dunha actuación estrutural, aliñada coa Axenda Urbana 2030 do Concello e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que responde a unha necesidade urxente de modernización, inclusión e cohesión social. A intervención contempla unha mellora integral do equipamento, con criterios de sustentabilidade, accesibilidade universal, eficiencia enerxética e valor arquitectónico, reforzando a infraestrutura deportiva local e o seu papel como espazo comunitario de referencia no municipio e na contorna comarcal e o desenvolvemento do talento. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Oleiros** con CIF P1505900I para o financiamento da obra denominada “**obras de execución do novo edificio de gradas de vestiarios do C.F. Redondo, Oleiros**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Dona Isabel M^a Freire Ramos, asinado en maio 2026.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8

de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	1.207.730,48 euros
Gastos xerais 13,00%	157.004,96 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	72.463,83 euros
IVE (21%)	301.811,85 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	1.739.011,12 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **400.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **23.00158 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco

se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3420/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificandos, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Oleiros** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito

período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)

12.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Outes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da capa de rodaxe Vilar de Outes e outros, Outes".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Outes **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “obras de mellora da capa de rodaxe Vilar de Outes e outros, Outes”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Outes polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “obras de mellora da capa de rodaxe Vilar de Outes e outros, Outes” cunha achega provincial de **104.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **130.000,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á entrada en vigor do EMC 3/2026, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OUTES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA CAPA DE RODAXE VILAR DE OUTES E OUTROS, OUTES.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral,

**RPT-6654235

D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Outes**, con CIF P1506300A, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Outes**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“..Solicito se nos conceda unha subvención nominativa coa finalidade de levar a cabo unha actuación de mellora de capas de rodaxe nos núcleos rurais de Vilar de Outes, Fontenlos e Áspera, os cales se atopan en mal estado, sendo necesarias actuacións urxentes e coas especificacións técnicas que se detallan no proxecto técnico que se achega con esta solicitude.

As actuacións previstas son as que se detallan de seguido:

1.- MELLORA VILAR DE OUTES

Petendese a mellora da capa de rodaxe dun viario dividido en 4 treitos de 30x6 m., 70x5 m., 75x4 m. e 30x4.5 m. con 5 cm. de zahorra e 15 cm. de formigón e con franxas de adoquins lonxitudinais e transversales.

2.- MELLORA VIARIO EN FONTELOS

Pretendese a mellora da capa de rodaxe dun viario de 500x4 m., así como 75 m² de abanicos, con 6 cm. de aglomerado en quente AC16 B50/70 surf, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo.

3.- MELLORA VIARIO DE ÁSPERA A AC-550 POLO OASIS

Pretendese a mellora da capa de rodaxe dun viario de 140x4 m., así como 30 m² de abanicos, con 6 cm. de aglomerado en quente AC16 B50/70 surf, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo.

Trátase de actuacións moi necesarias para a veciñanza que viven nesa parte do rural do noso concello e que ao mesmo tempo melloraría a seguridade dos viandantes...

...

Razóns de interese público de carácter económico e social:

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Neste aspecto debemos sinalar que o Concello de Outes, na actualidade, non dispón dos recursos económicos e orzamentarios para financiar en solitario o investimento previsto.

Existe tamén un claro interese social xa que as melloras previstas nas pavimentacións dos núcleos de Vilar de Outes, Fontenlos e Áspera facilitarán os accesos a ditos núcleos co cal servirá para implantar ou mellorar a prestación de servizos en ditos núcleos: transporte usuarios Centro de Día, transporte escolar, instalación de redes autónomas de saneamento, etc.

Todos estes factores económicos e sociais condicionan a consolidación e fixación de poboación nos núcleos rurais... ””

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Outes** con CIF P1506300A para o financiamento da obra denominada “**mellora da capa de rodaxe Vilar de Outes e outros, Outes.**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Pablo Blanco Ferreiro, en Febreiro de 2026.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	90.284,05 euros
Gastos xerais 13,00%	11.736,93 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	5.417,04 euros
IVE (21%)	22.561,98 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **104.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/1532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou

axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.

- **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no

proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Outes** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de ____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá

remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adjudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)

13.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a "adquisición dun ben inmovible para ampliación da Casa Consistorial, Pontedeume".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Pontedeume **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a “adquisición dun ben inmovible para ampliación da Casa Consistorial, Pontedeume”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a “adquisición dun ben inmovible para ampliación da Casa Consistorial, Pontedeume” cunha achega provincial de **360.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **64.08792 %** respecto dun orzamento de **561.728,34 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE PARA A AMPLIACIÓN DA CASA CONSISTORIAL, PONTEDEUME.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Pontedeume**, con CIF P1507000F, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Pontedeume**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...Tendo en conta o anterior, e á vista das necesidades de que o Concello de Pontedeume se dote dunha Casa Consistorial con mellores condicións das que se ten neste momento, que non cumpre accesibilidade, nin ten agrupado nas mesmas dependencias todos os departamentos municipais por falta de espazo. Visto que se atopa en venda o edificio lindeiro, o concello de Pontedeume considera de sumo interese a adquisición do mesmo para a ampliación da Casa Consistorial xa que se se perde esta posibilidade e a venda pola propiedade se formaliza con un terceiro, perderase para sempre a posibilidade de ampliar a Casa Consistorial pola localización da mesma no casco histórico de Pontedeume. Preténdese con isto unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos así como facilitar á cidadanía o acceso as dependencias municipais agrupadas nun único edificio...”

“...A poboación directamente beneficiada pola adquisición do edificio é, segundo datos recollidos na comunicación de cifras oficiais de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2026, 7488 habitantes.

Dito isto, o Concello de Pontedeume obtivo a declaración de Municipio de Interese Turístico, ao cumprir os requisitos esixidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, en refundición do Consello Galego de Turismo, Declaración de Municipio Turístico Galego e Declaración de Festas de Galicia de Interese sendo publicado a súa distinción no D.O.G con data 8 de Outubro de 2001, polo que ve incrementada significativamente a súa poboación na época estival...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na adquisición do ben inmovible obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume (P1507000F) para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

SITUACIÓN:

Rúa Real, 11, **PONTEDEUME**

REFERENCIAS CATASTRAIS

Local 7265703-NJ6076N-0001-ZJ
Piso 1ºDcha. 7265703-NJ6076N-0001-ZJ

INSCRIPCIÓN REXISTRAL:

Finca(s) Matriz Finca matriz formada por el conjunto

de las fincas registrales:

-Finca 14358, Tomo 214, libro 128, folio 175, Referencia catastral 6217523NJ9461N0001UU.

-Finca 3355, Tomo 473, libro 231, folio 208, Referencia catastral 6217521NJ9461N0001SU.

-Finca nº 33953, Tomo 495, libro 237, folio 183, Referencia catastral 6217522NJ9461N0001ZU.

-Finca nº 34181, Tomo 506, libro 241, folio 36, finca número 34181. Referencia catastral 6217524NJ9461N0001HU.

Registro de la Propiedad nº 1 de PONTEDEUME

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo a documentación que se achegou polo Concello, o orzamento máximo da adquisición ascende a **561.728,34** euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña cofinanciará o orzamento da adquisición tal como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 360.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe do **64.08792%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o **64.08792%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e **non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.**

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no

mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na **escritura de compravenda** que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase **constar o importe do financiamento provincial**

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Ata **o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adquisición do inmovible, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- ☐ Certificación do **acordo polo que se aproba a adquisición** do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:

Descrición física e xurídica do ben.

Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles

Valoración pericial.

Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne

Determinación da **data para a elevación á escritura pública.**

Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2.- Adquirido o ben, procederase ao abono do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- ☐ **Copia da escritura pública de adquisición** na que **constará o importe do financiamento provincial**
- ☐ **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de dez anos.
- ☐ Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- ☐ **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- ☐ Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V**
- ☐ Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na

conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN DOS BENS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal y como está descrita na cláusula primeira, deberá estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que

resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de decembro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do **30 de novembro do 2026**, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa para adquisición, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 30 marzo do 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á

contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (ou quen legalmente lle substitúa)

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos" do Concello de Mazaricos incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0371.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos" do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/203 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, e que posteriormente, mediante Resolución da Presidencia número 32169 de 18 de agosto de 2023, aprobouse a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mazaricos	2023.2102.0371.0	Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos	123.399,43	0,00	123.399,43

Logo de ver que o Concello de Mazaricos mediante Resolución da Alcaldía do 30 de xuño de 2025, adxudicoulle a obra á empresa REFORVEN GALICIA S.L. co NIF B15899321 polo mesmo orzamento de contrata, e que actualmente a obra está parcialmente executada.

Logo de aprobar o Concello de Mazaricos un proxecto modificado deste investimento redactado en xullo de 2026 e asinado dixitalmente o 12 de agosto de 2026, pola arquitecta e directora das obras Flavia C. Piñeiro Ces, que forma parte da sociedade Cerna Arquitectos SCP, redactora do proxecto inicial, cun orzamento de contrata por importe de 125.161,19€, o que supón un incremento de 1.761,76 € en relación co proxecto inicial que tiña un orzamento de 123.399,43 €, e que foi redactado ao detectarse durante a execución das obras unha serie de incidencias e imprevistos xunto coa existencia dunha serie de contradicións entre os distintos documentos do proxecto

que cómpre resolver, tal e como se detalla de xeito pormenorizado no apartado 17 da memoria do proxecto modificado, e no que se inclúe a certificación da secretaria do concello do cumprimento do trámite de audiencia ao contratista consonte ao disposto no artigo 242.2 da LCSP, sen que se presentaran alegacións; e tendo en conta que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables así coma cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación de data 13 de agosto de 2026.

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) por importe de 1.761,76€ € asinado dixitalmente pola Intervención do concello para o financiamento do incremento deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2023, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos” do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/203 co código 2023.2102.0371.0, que foi aprobado polo Concello de Mazaricos mediante Resolución da alcaldía de data 24 de agosto de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade da empresa adxudicataria que non presentou alegacións no trámite de audiencia consonte a certificación da secretaria do concello incluída no proxecto modificado, e que presenta un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Mazaricos, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Rehabilitación da casa do conserxe no antigo CEIP de Pino de Val para local multiusos Concello de Mazaricos: 2023.2102.0371.0				
Axentes financeiros	Proxecto Inicial		Proxecto Modificado	
	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación
Deputación	123.399,43	123.399,43	123.399,43	123.399,43
Concello	0,00	0,00	1.761,76	1.761,76
Total	123.399,43	123.399,43	125.161,19	125.161,19

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

O Concello de Mazaricos asume integramente o incremento do financiamento que experimenta o proxecto con motivo da súa modificación, segundo consta no documento contable de retención de crédito (RC) por importe de 1.761,76 € remitido polo concello.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mazaricos para os efectos oportunos.

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo", do Concello de Oleiros incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0478.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo", do Concello de Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0478.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver que mediante Resolución de Presidencia desta deputación número 45129 de data 26 de setembro de 2025, en relación cos acordos plenarios do 30 de maio e 27 de xuño de 2025, aprobouse a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025, na que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Oleiros	2025.2102.0478.0	Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo	281.354,60	0,00	281.354,60

Logo de aprobar o Concello de Oleiros un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 7 de maio de 2026 polo arquitecto técnico municipal José Luís Jarez Vázquez, e por Miguel Taibo Lamas en representación de "Construcciones López Cao, S.L" adxudicataria das obras, como proba da súa conformidade, cun orzamento de contrata de 375.215,64 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 93.861,04 €, xa que o primeiro proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Óscar Sanmartín Abad ascendía a 281.354,60 €, redactado para emendar as deficiencias detectadas no drenaxe no terreo circundante ao depósito e da propia cámara

**RPT-6654235

de chaves, considerando imprescindible a renovación do colector de evacuación de augas pluviais do depósito, como paso previo á instalación das tubaxes de impulsión da rede de abastecemento proxectadas.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 15 de xullo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo”, do Concello de Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025, co código 2025.2102.0478.0, que foi redactado para emendar as deficiencias detectadas no drenaxe no terreo circundante ao depósito e da propia cámara de chaves, considerando imprescindible a renovación do colector de evacuación de augas pluviais do depósito, como paso previo á instalación das tubaxes de impulsión da rede de abastecemento proxectadas, cun orzamento de contrata de 375.215,64 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 15 de xullo de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Renovación dos tramos de baixada e impulsión do depósito redondo da Edreira dende a rúa do Pazo ” Concello de Oleiros POS+AD2/2025 2025.2102.0478.0				
	Contrata	Adxudicación	Baixa	
Deputación	281.354,60	276.288,98	5.065,62	

PROXECTO INICIAL	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	281.354,60	276.288,98	5.065,62
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	281.354,60	276.288,98	5.065,62
	Concello	93.861,04	92.171,13	1.689,91
	Total	375.215,64	368.460,11	6.755,53
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	93.861,04	92.171,13	1.689,91
	Total	93.861,04	92.171,13	1.689,91

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 1615 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Oleiros asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 16 de xuño de 2026 polo interventor do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oleiros para os efectos oportunos.

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2100.0079.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Santa Comba do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 29 de maio de 2026, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 e o seu Plan Complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2

de decembro de 2025, no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Santa Comba	2026.2100.0079.0	Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón	173.634,60	0,00	173.634,60	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Augas de Galicia(1)

Logo de presentar o Concello de Santa Comba un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 18 de agosto de 2026 polo enxeñeiro de obras públicas Antonio Landeira Blanco, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 173.634,600 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 27 de xullo de 2026, consistindo as modificacións principalmente na supresión completa da actuación prevista na contorna de protección do Castro de San Bartalomé.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 20 de agosto de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón”, do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, co código 2026.2100.0079.0, aprobado polo órgano competente do concello, cun orzamento de contrata de 173.634,60 €, que foi redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 27 de xullo de 2026, consistindo as modificacións principalmente na supresión completa da actuación prevista na contorna de protección do Castro de San Bartalomé, e que conta co informe de supervisión favorable

do 20 de agosto de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación das autorizacións necesarias para a execución desta obra, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Santa Comba	2026.2100.0079.0	Mellora de vías nas parroquias de Cicere, Santa Sabiña, San Cristovo, Grixoa e Arantón	173.634,60	0,00	173.634,60	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Augas de Galicia(1)

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Santa Comba para os efectos oportunos.

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2000.0180.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Santa Comba do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 29 de maio de 2026, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 e o seu Plan Complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025, no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS
Santa Comba	2026.2000.0180.0	Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada	224.399,59	0,00	224.399,59	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Augas de Galicia(1) - Anexo VII: Memoria específica da alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado - Anexo VIII: Informe da intervención ou secretaría intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado

O Concello de Santa Comba presentou as autorizacións e anexos ás que quedara sometido, polo que o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución número 2026/28932, de 26 de xuño de 2026, resolveu o levantamento das condicións ás que quedou sometido, aprobando definitivamente este investimento.

Logo de presentar o Concello de Santa Comba un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 21 de xullo de 2026 polo enxeñeiro de obras públicas Antonio Landeira Blanco, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 224.399,59 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural consistindo as modificacións principalmente na supresión completa da actuación prevista na rúa da Ferradura e na redefinición da actuación no núcleo do Covelo.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 17 de agosto de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada”, do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, co código 2026.2000.0180.0, aprobado polo órgano competente do concello, cun orzamento de contrata de 224.399,59 €, que foi redactado para dar cumprimento ao requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, consistindo as modificacións principalmente na supresión completa da actuación prevista na rúa da Ferradura e na redefinición da actuación no núcleo do Covelo, e que conta co informe de supervisión favorable do 17 de agosto de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Santa Comba	2026.2000.0180.0	Mellora de viarios nas parroquias de Santa Comba, Ser, Alón e Fontecada	224.399,59	0,00	224.399,59



2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4547 - 76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Santa Comba para os efectos oportunos.

18.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xullo de 2026.

PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xullo de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xullo de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.

19.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2026.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2026, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

20.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente correspondente ao segundo trimestre de 2026.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2026, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

21.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2026 e proxección a 31/12/2026.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de xuño de 2026, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención Provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no Anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto ao longo do exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2026, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

22.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23.- Aprobación inicial do regulamento de persoal temporal da Deputación Provincial da Coruña

O Regulamento de selección de persoal temporal da Deputación Provincial da Coruña, cuxo contido se reproduce a continuación foi sometido a exposición pública. As persoas potenciais destinatarias tiveron a oportunidade de participar na elaboración da norma mediante a consulta pública que se abriu na sede electrónica da deputación que, segundo consta no expediente relacionado e no portal de transparencia estivo aberta “con data de inicio 14/11/2025 e con data de finalización 24/11/2025, co obxecto de recoller a opinión da cidadanía, das organizacións e asociacións potencialmente afectados”. Durante este prazo non se recibiu suxestión algunha.

No expediente número 2025000044323, “Aprobación dun novo regulamento de selección de persoal temporal da Deputación provincial da Coruña”, queda acreditada a publicación da consulta pública previa á elaboración de normas no portal de transparencia da Deputación.

A proposta de regulamento foi aprobada na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 22 de maio de 2026, segundo consta na certificación do secretario da Mesa.

Con data do 5 de xuño de 2026, o Servizo de Recursos Humanos emite informe proposta relativo a este regulamento.

O 15 de xuño de 2026 infórmase a proposta pola Secretaría Xeral.

Cumpridos estes trámites, propónse a aprobación do regulamento de selección de persoal temporal da Deputación da Coruña polo órgano competente, é dicir, polo Pleno da Corporación, coa redacción que se indica a continuación e que recolle o indicado no informe da Secretaría Xeral, previo ditame da comisión informativa correspondente. A aprobación inicial, así como a definitiva, non require quórum especial, polo que é suficiente a súa aprobación por maioría simple dos membros da Corporación, de acordo co establecido nos artigos 47.1 de Lei de Bases de réxime local.

1. Aprobar inicialmente o Regulamento de selección de persoal temporal da Deputación Provincial da Coruña coa seguinte redacción:

REGULAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOP número 119 de 30 de xullo de 2020 publicouse o vixente regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña ata agora vixente.

Coa finalidade de aproveitar a experiencia na xestión do sistema de cobertura interina dos postos, estímase oportuno aprobar un novo regulamento co fin de acadar unha xestión máis apropiada aos fins que se pretenden conseguir, conxugando mellor os intereses da Administración cos das persoas interesadas que forman parte das listas.

A maior novidade deste regulamento vén determinada pola incorporación de medios electrónicos ao sistema de xestión de listas, que orixina un cambio no sistema de chamamentos e impón ás persoas integrantes das listas a obriga de dispoñer de dunha dirección de correo electrónico. De xeito voluntario, tamén poderán facilitar un número de teléfono. A automatización dos chamamentos faise imprescindible debido ao número de listas que se manexan e ao número de chamamentos que se fan diariamente.

Establécese a notificación electrónica como xeito de realizar os chamamentos. Este novo sistema, que substitúe á chamada telefónica e ao envío de mensaxe SMS ou correo electrónico, realizarase empregando o Sistema de notificación electrónica de Galicia – Notifica.gal, excepto no caso das listas de persoas con discapacidade intelectual. Co obxectivo de integrar a este colectivo no ámbito do emprego público e garantir o dereito á igualdade de trato e oportunidades, os chamamentos destas listas realizaranse por correo postal, sen prexuízo de que as persoas integrantes poidan elixir a notificación por medios electrónicos.

Neste sentido e en canto á notificación electrónica, a Resolución de Presidencia número 18895/2022, modificada por resolución número 2026/23202 (BOP número 96 do 25 de maio de 2026) establece que as persoas físicas que concorran a procedementos de selección ou provisión de persoal da Deputación Provincial da Coruña están obrigadas a recibir por medios electrónicos as notificacións que esta administración lles dirixa.

A automatización da xestión de listas dotará ao sistema de chamamentos de maior transparencia ao ofrecer información puntual, áxil e actualizada.

Por último, outra novidade que introduce este texto é a posibilidade de que os integrantes das listas poidan solicitar voluntariamente a suspensión sen acreditar motivo algún durante un prazo mínimo de tres meses. Tamén se establece a suspensión de oficio, co obxecto de que o persoal interino cumpra o prazo establecido no nomeamento correspondente.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, este regulamento dítase conforme os principios de boa regulación.

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a norma atopa a súa xustificación no interese xeral de optimizar a xestión do emprego público temporal e axilizar a cobertura de necesidades urxentes de persoal. A inclusión de medios electrónicos para a xestión das listas de interinos e a automatización dos chamamentos constitúen o instrumento máis adecuado e eficaz para lograr este fin, garantindo unha resposta administrativa inmediata ante as necesidades do servizo.

Dáse cumprimento así mesmo ao principio de proporcionalidade, xa que o regulamento

contén a regulación imprescindible para atender as necesidades detectadas, sen que existan outras medidas menos retritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. A norma límitase a ordenar o funcionamento interno das listas e a canle de comunicación cos aspirantes, sen impoñer obrigacións excesivas nin restricións de dereitos, configurando un marco operativo estritamente necesario para a viabilidade técnica do sistema.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a presente regulación intégrase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, respectando escrupulosamente a normativa básica estatal en materia de función pública, os principios constitucionais de acceso ao emprego público, e o marco legal sobre protección de datos e administración electrónica. Deste xeito, xérase un escenario estable e claro para todos os integrantes das listas de selección.

En aplicación do principio de transparencia, definíronse con claridade os obxectivos da norma e a súa xustificación nesta exposición. Así mesmo, durante o proceso de elaboración, posibilitouse a participación activa dos potenciais destinatarios e das organizacións sindicais lexitimadas, mediante a sustanciación dos correspondentes trámites de consulta e audiencia.

Finalmente, o regulamento é coherente co principio de eficiencia. A automatización e dixitalización dos chamamentos e da xestión das listas reduce as cargas administrativas accesorias, acurta os tempos de tramitación e optimiza o uso dos recursos públicos, evitando chamadas telefónicas reiteradas ou notificacións en papel que retardaban a xestión do persoal temporal.

MARCO NORMATIVO

Entre outras, son de aplicación na tramitación deste expediente, as seguintes normas:

A Constitución Española de 1978 recolle nos artigos 14, 23.2 e 103.3 os principios de acceso á función pública.

O Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro regula no artigo 10 as causas de nomeamento do persoal funcionario interino con carácter temporal para o desempeño de funcións propias dos funcionarios de carreira. No caso das prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino, establece que deberán ser obxecto de cobertura por calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de aplicación.

Neste artigo tamén se regula o réxime de cese do persoal interino. Os artigos 55 e 61 fixan os principios constitucionais de acceso ao emprego público (igualdade, mérito, capacidade e publicidade).

Tamén é de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, tal e como establece o artigo 4.1.b) no que se explicita que esta norma é de plena aplicación nas entidades locais galegas. Os artigos 23 a 25 establecen o concepto e requisitos do persoal interino, a adquisición e perda da condición de funcionario interino e o réxime

xurídico aplicable.

A Lei 7/1985, do 32 de abril, Reguladora das bases do réxime local dedica os artigos 92 a 103 ao persoal ao servizo das Entidades locais. Neste texto establécese que a selección dos interinos ten que respectar os criterios de mérito e capacidade. Tamén é de aplicación o artigo 22.2.d), que atribúe a competencia exclusiva para aprobar regulamentos e ordenanzas ao pleno da corporación. O artigo 49 establece o procedemento de aprobación.

Tamén é de aplicación a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, en canto á consulta pública previa e trámite de audiencia, así como a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O artigo 128 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986, do 18 de abril:

Son de aplicación os artigos 128 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, nos que se dispón que non poderá nomearse persoal interino para prazas vacantes que non se teñan incluído na oferta de emprego público, agás cando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridade á súa aprobación. Tamén é de aplicación o artigo 56 deste texto, en canto á aprobación de ordenanzas e regulamentos.

Tamén son de aplicación o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no relativo aos actos e acordos das corporacións locais e o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 1. Obxecto

Este regulamento ten por finalidade o ordenamento e control da selección do persoal funcionario interino e persoal laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña a través das correspondentes listas, cando concorra algunha das circunstancias previstas na lexislación e se dean razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia. No caso do persoal funcionario interino esas circunstancias, de acordo co establecido no artigo 10 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro son as seguintes:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria do titulares.
- c) A execución de programas de carácter temporal.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo establecido na lexislación. Non procederá a solicitude de persoal por acumulación de tarefas cando existan prazas vacantes ou substitucións sen cubrir con posibilidade

legal de facelo, en postos con similares tarefas na mesma unidade.

Artigo 2. Ámbito

O presente regulamento será de aplicación integral para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación da Coruña a partir da súa entrada en vigor, así como para a xestión do persoal temporal nomeado en aplicación de regulamentos anteriores.

Artigo 3. Elaboración de listas a partir de procesos selectivos para o acceso a prazas incluídas nas ofertas de emprego público

De conformidade co disposto no artigo 128.2 do Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non poderá nomearse persoal interino para prazas que non se teñan incluído na oferta de emprego público, agás cando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridade á súa aprobación.

Por outra parte, o Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico establece no artigo 30.3 que, coa finalidade de favorecer a mobilidade do persoal funcionario de carreira, poderase autorizar o nomeamento de persoal a funcionario interino para a cobertura dun posto vacante, sempre que este quedase deserto tras a publicación do anuncio para a súa cobertura mediante unha comisión de servizos voluntaria.

O artigo 2.2 deste regulamento dispón que no non reservado á lexislación do Estado aplicárase este regulamento ao persoal funcionario de carreira da Administración local, sen prexuízo da aplicación da lexislación específica establecida para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional.

1. Para facer efectivo o sistema de cobertura, unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes para o acceso ás prazas incluídas nas ofertas de emprego público, confeccionaranse as listas correspondentes con aquelas persoas aspirantes que se presentaran ás probas selectivas do último proceso de acceso á condición de funcionario de carreira ou laboral fixo, convocadas pola Deputación Provincial da Coruña, e aprobaran algún exercicio.

2. Para establecer a orde dos aspirantes nas listas computaranse as notas obtidas nas probas aprobadas correspondentes á fase de oposición do proceso de acceso ao mesmo corpo, escala, subescala ou categoría da lista que se pretenda formar, sen ter en conta a fase de concurso.

No caso de producirse algún empate na puntuación no momento de elaborar as listas, procederase da forma establecida nas bases da convocatoria do proceso selectivo para resolver o resultado da mesma.

3. A lista preexistente ata ese momento perderá validez e só poderá activarse, de xeito

excepcional, no caso de que na nova lista non existan candidatos dispoñibles para chamamentos e non teña unha antigüidade superior a 5 anos. No caso de activación da lista antiga, os chamamentos faranse seguindo a orde inicial de prelación dos candidatos, respectando a situación que tiñan no momento no que a lista perdeu vixencia.

4. Nos procesos de elaboración e xestión das listas procurarase garantir a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, adoptando as medidas de adaptación que resulten precisas.

Artigo 4. Elaboración de listas por convocatoria específica

1. No caso de que non se celebren procesos selectivos ou que se esgotasen as listas, aprobarase unha convocatoria específica para a elaboración das listas de aspirantes para aquelas prazas que resulten necesarias.

2. A convocatoria para a elaboración de listas consistirá na celebración dun proceso selectivo.

3. Procedemento da convocatoria:

a) Publicarase, xunto coas bases, no Boletín Oficial da Provincia.

b) As bases deberán incluír as probas a realizar, que consistirán nun test e nun suposto práctico e establecerán os criterios a empregar en caso de empates, que serán o máis similares posibles aos que se estean utilizando nas convocatorias de procesos selectivos para o acceso a prazas de funcionarios de carreira.

c) As solicitudes presentaranse dentro do prazo e na forma indicados na convocatoria, incluíndo os datos de contacto (imprescindible correo electrónico e, de xeito voluntario, número de teléfono), sendo excluídos na lista provisional os que non faciliten unha dirección de correo electrónico.

d) Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no BOP, e outorgarase un prazo de 10 días para emendar, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

e) Finalizado o dito prazo, por resolución da presidencia aprobarase a lista definitiva de admitidos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do tribunal cualificador, lugar, data e hora do primeiro exercicio.

f) Os erros de feito poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por pedimento da persoa interesada.

g) O tribunal cualificador será nomeado polo presidente da Corporación e estará composto por unha persoa que exercerá as funcións da presidencia, un número impar de vogais e unha persoa que exercerá as funcións de secretaría. Todos os membros do tribunal deberán ser persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e deberán pertencer ao mesmo ou superior grupo de titulación do da praza obxecto do proceso. A súa

composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade e tenderase á paridade entre homes e mulleres. Terá a consideración de órgano colexiado e como tal estará suxeito ás normas contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 5. Renovación das listas

1. As listas renovaranse despois de que se resolvan as convocatorias de acceso aos corpos, escalas, subescalas e/ou categorías incluídas na oferta pública de emprego correspondente á que se refiran tales convocatorias, ou trala resolución das convocatorias de procesos selectivos específicos para a elaboración de listas para un posto determinado, de conformidade cos artigos 3 e 4 anteriores.

2. As listas estarán estruturadas de forma automatizada e uniforme, e conterán para cada persoa aspirante, polo menos, os seguintes campos de datos:

- 1) N° de orde xeral na lista
- 2) DNI
- 3) Nome e apelidos
- 4) Número de teléfono (voluntario)
- 5) Dirección de correo electrónico
- 6) Puntuación obtida no proceso correspondente
- 7) Estado actual
- 8) Data de adquisición do último estado
- 9) Número de orde dinámico para chamamentos por vacante, postos vacantes con reserva do seu titular e para proxectos con duración estimada mínima dun ano, a actualizar tras cada movemento na lista, se corresponde.
- 10) Número de orde dinámico para outros chamamentos diferentes aos anteriores, a actualizar tras cada movemento na lista, se corresponde.

11) As datas de inicio e finalización das interinidades correspondentes ao período de vixencia da lista actual, polo menos desde a entrada en vigor do presente Regulamento.

12) Se o estado actual é algunha das dúas modalidades de "Activo", o motivo do chamamento.

13) Igualmente se o estado actual é algunha das dúas modalidades de "Activo", o código do posto que ocupa, no seu caso.

En relación con este contido das listas, enténdese por número de orde dinámico a posición que ocupa unha persoa candidata nun momento concreto para cada tipo de chamamento (vacante, vacante con reserva do seu titular ou proxecto con duración estimada mínima dun ano e todos os demais), entre todas as da lista que poderían contactarse para ese tipo de chamamento, quedando excluídas da asignación as que non poidan participar no mesmo por suspensións, exclusións temporais ou definitivas da lista, ou estar ocupando un posto que as exclúa segundo o establecido nos artigos 8 e 10.5 deste Regulamento.

Artigo 6. Publicación das listas

1. Unha vez elaboradas as novas listas, elevaranse á Presidencia da Deputación Provincial, que as aprobará por resolución e, unha vez aprobadas, publicaranse na sede electrónica da Deputación respectando a normativa sobre protección de datos. Publicaranse tamén na sede electrónica as actualizacións das diferentes listas, con motivo de nomeamentos, ceses, suspensións ou exclusións, ás que poderán acceder as persoas integrantes das listas.

2. Unha vez publicadas as novas listas, perderán validez as que ata entón estivesen vixentes, extingúndose o dereito que outorgaban estas e sendo substituído polo que corresponda nas novas, coa excepción da súa reactivación, de acordo co disposto no artigo 3.3. Os nomeamentos xa realizados a partir das listas anteriores seguirán vixentes en tanto cumpran co resto de normativa aplicable.

3. As persoas interesadas en cada lista terán acceso aos seguintes campos só referidos á súa persoa e non ao resto das persoas aspirantes:

1) Número de orde xeral

2) Nome e apelidos

3) Estado actual

4) Data de adquisición do último estado

5) Número de orde dinámico actualizado para chamamentos por vacantes, vacante con reserva do seu titular e proxectos con duración estimada mínima dun ano se corresponde.

6) Número de orde dinámico actualizado para outros chamamentos, se corresponde.

7) Se o estado actual é algunha das dúas modalidades de "Activo", o motivo do chamamento.

8) Igualmente se o estado actual é algunha das dúas modalidades de "Activo", o código do posto que ocupa, no seu caso.

Artigo 7. Mantemento do orde de prelación inicial nas listas

Durante todo o tempo de vixencia dunha lista, manterase a orde de prelación inicial das persoas aspirantes que a integran.

Artigo 8. Situacións dos integrantes das listas

As persoas integrantes das listas estarán nalgunha das seguintes situacións:

- Activa en posto de duración previsible mínima dun ano: cando a persoa aspirante teña tomado posesión do posto que lle fora ofertado e se trate dunha vacante, vacante con reserva do seu titular ou proxecto con duración estimada mínima dun ano. Estes nomeamentos ofreceranse tan só unha vez durante a vixencia da lista.
- Activa por outra circunstancia: cando a persoa aspirante teña tomado posesión do posto que lle fora ofertado, e se trate dunha circunstancia distinta á de cubrir os postos que se sinalan no apartado anterior.
- Dispoñible para postos vacantes, vacante con reserva do seu titular ou proxecto con duración estimada mínima dun ano.
- Dispoñible: cando a persoa aspirante non estea en algunha das seguintes situacións:

situación de activa, suspensión ou excluída e se atope nunha situación que lle permite aceptar o nomeamento correspondente.

- En suspensión de oficio. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos dende a mesma lista, así como dende outras listas de grupos ou subgrupos inferiores das que forme parte o aspirante, coa excepción de que sexa para un posto vacante, vacante con reserva ou proxecto con duración estimada mínima dun ano.
- En suspensión xeral de chamamentos: unha persoa aspirante poderá solicitar voluntariamente, mediante escrito dirixido por rexistro ou sede electrónica ao Servizo de Recursos Humanos pasar a esta situación coa finalidade de non recibir chamamentos durante un prazo mínimo de tres meses en tanto permaneza nesta situación.

A solicitude terá efectos en todas as listas das que forme parte a persoa solicitante a partir do día seguinte do rexistro de entrada da solicitude.

Así mesmo, as persoas que rexeiten a oferta ou non contesten ao chamamento en prazo, quedarán en suspensión durante un prazo de tres meses, agás aqueles candidatos que ocupen posicións posteriores ao do aspirante que aceptou.

Quedan exceptuados desta suspensión os candidatos que se atopen nas seguintes situacións e o acrediten documentalmente:

- Enfermidade ou accidente que incapacite temporalmente para o traballo, incluíndo a incapacidade temporal por risco durante o embarazo. O parte de baixa haberá ter data anterior ao día do chamamento.
- Enfermidade grave ou accidente de familiar de primeiro grao de consanguinidade.
- Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal co límite temporal equivalente ao permiso/licenza.
- O desempeño de servizos, no momento de ser chamado, en calquera administración pública.
- Relación laboral cunha empresa formalizada mediante contrato laboral rexistrado no correspondente Servizo Público de Emprego.
- Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.

- Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditado mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.

O candidato deberá xustificar a causa no prazo establecido para a contestación do chamamento, así como comunicar a finalización da circunstancia que lle permite quedar na situación de suspensión no prazo de 5 días hábiles. Unha vez recibida, a persoa aspirante volverá á situación previa nun prazo de 5 días hábiles.

- Excluída: as persoas aspirantes quedarán excluídas da correspondente lista con carácter definitivo cando:

a) Renuncien expresamente e por escrito a formar parte da lista.

b) Unha vez confirmadas tras o chamamento non presenten en prazo a documentación establecida no artigo 12 deste regulamento ou non se presenten a tomar posesión do posto correspondente, salvo causa de forza maior debidamente acreditada que xustifique a no presentación en prazo, pese a reunir os requisitos.

c) Unha vez nomeadas, no caso do persoal seleccionado para cubrir un posto, non se cumpran as exixencias establecidas no artigo 61 da Lei de Emprego Público de Galicia para a adquisición da condición de persoal funcionario interino.

d) Unha vez iniciada a relación de servizo, renuncien expresamente e por escrito ao nomeamento ou contrato de traballo, excepto cando sexa como consecuencia dun novo chamamento da Deputación para posto de duración previsible mínima dun ano ou cando se dea a circunstancia contemplada no artigo 14.2 deste regulamento.

e) Sexan separadas do servizo por sanción disciplinaria.

Artigo 9. Consideracións previas ao inicio dos procesos de chamamento

Teranse en conta as seguintes regras á hora de iniciar os procesos de chamamentos:

a) Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto, o xefe de servizo ou director do centro dirixirá, á maior brevidade posible, unha solicitude ao Servizo de Recursos Humanos.

b) As solicitudes deberán xerarse e enviarse asinadas electrónicamente, empregando o

procedemento establecido en Subtel e serán tramitadas por rigorosa orde de prelación.

c) Para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal temporal, a súa duración estimarase como mínimo dun mes, con excepción do persoal docente e de atención directa de menores, sempre que non existan prazas vacantes sen interinar.

Tamén poderanse cubrir as ausencias por vacacións do persoal de atención directa de menores cando resulte necesario para garantir un correcto coidado dos mesmos.

d) Cando o posto de traballo obxecto de cobertura esixa requisitos específicos, de acordo coa Relación de postos de traballo ou coa normativa correspondente, o chamamento limitarase aos aspirantes da lista que acrediten tales méritos. Solicitarase a todas as persoas integrantes da correspondente lista a acreditación de ditos requisitos específicos nun prazo de 5 días, e unha vez pasado este prazo actuarase segundo a forma de efectuar os chamamentos establecida neste regulamento, pero considerando solo ás persoas que os cumpren, mantendo a orde de prelación da lista orixinal.

e) Cando se solicite cubrir un posto e non existan candidatos dispoñibles nin na lista vixente nin na anterior, ou non exista a lista que se precisa, e se dean motivos xustificados de urxencia, poderán facerse os chamamentos doutra distinta, sempre que se trate de categorías iguais ou superiores á que se pretende cubrir e as funcións dos postos sexan similares, e sen que en ningún caso prexudique en canto aos chamamentos derivados da súa pertenza á lista.

f) Cando non se poda aplicar o establecido no punto anterior para cubrir temporalmente un determinado posto, acudirase á colaboración co Servizo Público de Emprego para facer o chamamento ou elaborar unha lista cos candidatos propostos pola mesma, que será de uso exclusivo para os chamamentos precisos ata a elaboración dunha lista propia.

Neste caso solicitaranse dez persoas candidatas por praza e a Comisión de Seguimento será a encargada de avaliar os méritos correspondentes.

g) No caso do persoal docente, cando non existan listas propias, acudirase en primeiro lugar ás listas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e no suposto de que esta non dispoña de candidatos ou non responda á petición desta administración nun prazo razoable, farase a correspondente solicitude ao Servizo Público de Emprego.

Artigo 10. Forma de efectuar os chamamentos

1. O sistema para efectuar os chamamentos recollido no presente regulamento procura unha regulación do acceso ao emprego público garantindo o máximo respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade recollidos tanto na propia Constitución como no Estatuto Básico do Empregado Público. Xa que logo, o principio reitor na forma de efectuar os chamamentos debe consistir en promover que as prazas cubertas temporalmente, o estean polas persoas que obteñan maior puntuación nas probas selectivas.

2. Coa finalidade de poder efectuar os chamamentos, é obrigado que as persoas aspirantes faciliten unha dirección de correo electrónico.

3. Os chamamentos faranse simultaneamente de xeito automatizado en orde descendente dende o principio da lista ao número de aspirantes fixado de antemán de xeito xenérico pola Comisión de Seguimento e Interpretación deste regulamento e empregárase o seguinte sistema:

De acordo co disposto no artigo 41.1.b), parágrafo 3º, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Resolución 23202/2026 (BOP número 96 de 25 de maio de 2026), establécese a obriga para os integrantes das listas de aspirantes a nomeamentos de persoal temporal do emprego de medios electrónicos para a emisión e recepción das notificacións dos seus chamamentos das listas.

Para tales efectos, a notificación de cada chamamento farase ás persoas interesadas empregando o Sistema de notificación electrónica Deputación-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Deputación da Coruña (<https://sede.dacoruna.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas aviso da posta a disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta de lectura non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas deberán crear e manter actualizado o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica Deputación -Notifica.gal.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen tres días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Deputación practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Debido ao carácter urxente dos nomeamentos, as persoas seleccionadas, no prazo máximo de tres días naturais desde a posta á disposición da notificación, deberán aceptar ou rexeitar a oferta.

No suposto de que a persoa seleccionada reciba varios chamamentos consecutivos durante o prazo previsto no parágrafo anterior poderá elixir a que considere máis ventaxosa.

No caso de que a persoa aspirante ao chamamento rexeite expresamente ou non conteste no prazo indicado pasará á situación de suspensión durante un prazo de tres meses, salvo que acredite documentalmente atoparse nalgunha das situacións previstas no artigo 8 deste regulamento.

A acreditación da notificación efectuada ou, se é o caso, o rexeitamento da oferta incorporárase ao expediente.

4. Será seleccionada a persoa aspirante que ocupe o posto máis alto na lista de entre as que aceptasen o chamamento. A devandita selección será publicada na sede electrónica da deputación, onde poderán informarse as persoas interesadas, entre elas, o resto de candidatos que contestaran afirmativamente. No caso de que ningunha delas acepte o chamamento, repetirase o procedemento na orde descendente da lista.

5. Se o tipo de posto a ofertar é unha vacante, vacante con reserva do seu titular ou proxecto con duración estimada mínima dun ano, unha vez activado, chamará de xeito automático tanto ás persoas aspirantes que estean en situación dispoñible como ás que estean en situación activa por outra circunstancia, pasando a persoa finalmente seleccionada á situación “Activa en posto de duración previsible mínima dun ano.”

Se polo contrario o posto a ofertar non se inclúe nas circunstancias anteriores, o programa informático, unha vez activado, chamará de xeito automático tan só as que estean en situación dispoñible, pasando a persoa finalmente seleccionada á situación “activa por outra circunstancia”.

En ambos casos, todas as persoas chamadas que ocupen posicións posteriores á do aspirante que acepta o posto ofertado e polo tanto non sexan propostas para o nomeamento continuarán na lista na situación previa ao chamamento.

6. En aras á transparencia que este proceso debe amosar, o chamamento debe indicar con claridade o posto que se oferta, así como as súas características e singularidades para que as persoas aspirantes poidan elixir optar ou non ao dito posto coas máximas garantías. Asemade, debe quedar gardada unha traza completa do chamamento para

consulta das persoas interesadas.

Para estes efectos, cada chamamento automatizado deberá incluír, como mínimo, a seguinte información:

- Identificación do posto ofertado (denominación, código e unidade de destino).
- Tipo de cobertura (vacante, substitución, acumulación de tarefas, programa...).
- Duración estimada do nomeamento sempre que sexa posible establecela.
- Xornada, horario previsto e réxime de dedicación. Requisitos específicos do posto, se os houber.
- Data prevista de incorporación.
- Prazo máximo para aceptar ou rexeitar a oferta. Consecuencias da non resposta.
- Situación actual da persoa na lista. Data e medio de envío da notificación.
- Calquera outra característica relevante do posto.

Na mensaxe da notificación inclúiranse tamén as instrucións precisas para que o candidato poida contestar ó chamamento.

Artigo 11. Actualización das listas

1. Cada lista, configurada tal e como se establece no artigo 5, actualizarase automaticamente co resultado de cada chamamento que a afecte, unha vez finalizado o correspondente proceso.
2. Para garantir a transparencia e a seguridade xurídica, publicaranse unha actualización das listas con unha periodicidade mínima semanal sempre que haxa movementos, é dicir, cambios por exclusións temporais ou definitivas, suspensións ou activacións.
3. En calquera caso, e independentemente da actualización periódica, cada lista actualizarase sempre antes de iniciarse un proceso de chamamento na mesma,

garantindo así a trazabilidade.

Artigo 12. Presentación de documentación polos aspirantes

1. Antes do nomeamento, nun prazo de 24 horas desde a confirmación da selección, as persoas aspirantes deberán presentar os seguintes documentos:

a) Título ou certificación do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico de empresa acreditativo de non padecer enfermidade nin característica física e/ou psíquica que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo que lle corresponda, expedido cunha antelación máxima de 3 meses. No caso de imposibilidade de presentación no prazo establecido por causas non imputables á persoa interesada, admitirase a presentación con carácter provisional dunha declaración xurada, debendo presentar con posterioridade, no prazo que se lle marque, o correspondente certificado.

e) Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén a certificación que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

f) Se se tratase de nacionais doutros estados nos casos previstos no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a documentación que acredite a súa condición.

g) De ser o caso, certificado negativo de delitos de natureza sexual.

h) A documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

2. No caso de no presentarse a totalidade da documentación no prazo establecido procederáse ao chamamento do aspirante que ocupe o seguinte posto mais alto na lista, de entre os que aceptaran o chamamento.

Artigo 13. Inicio e finalización da relación de servizo do persoal temporal

1. O nomeamento de persoal funcionario interino realizarase mediante resolución de presidencia e posterior toma de posesión do posto de traballo, de acordo coa normativa vixente aplicable.

2. A adquisición da condición de persoal laboral temporal terá lugar mediante a resolución da presidencia e a sinatura do correspondente contrato de traballo e sempre de acordo coa normativa vixente aplicable.

3. O cesamento do persoal funcionario interino producirase, de acordo co artigo 10.3 do TREBEP, ademais de polas causas previstas no seu artigo 63, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento. A resolución de cese notificarase á persoa interesada.

4. No caso do persoal laboral temporal a extinción da relación de servizo producirase de acordo coa normativa vixente aplicable.

Artigo 14. Situacións especiais tras os nomeamentos

1. Cando por calquera motivo, tras o nomeamento, non se produza a toma de posesión da persoa seleccionada, por resolución de presidencia declararase ineficaz o nomeamento polo incumprimento da condición preceptiva da toma de posesión e procederáse á selección da seguinte persoa aspirante, segundo a orde da lista, de entre as que contestaran afirmativamente, ou no seu caso, a repetir o chamamento, sempre de acordo co establecido no artigo 10.

2. As persoas que, tras ser seleccionadas, tomen posesión en postos aos que correspondan xornadas inferiores á ordinaria poderán renunciar ao nomeamento ao cumprirse os seis meses de traballo efectivo, sen ser penalizadas.

3. Cando unha persoa candidata da lista tome posesión tras ser seleccionada para substituír a unha persoa traballadora no posto do que é titular, e no transcurso da súa relación de servizo cambie a causa que motivou a necesidade da súa selección, disporase a súa continuidade mediante unha resolución administrativa e seguirá exercendo a relación de servizo nese posto.

Artigo 15. Xestión da lista para persoas con discapacidade intelectual

A xestión das listas para a cobertura temporal de prazas reservadas a persoas que acrediten discapacidade intelectual realizarase conforme aos seguintes criterios:

1. As citacións realizaranse por correo postal, sen prexuízo de que poidan elixir a recepción das notificacións por medios electrónicos.
2. Os postos de traballo a ofertar non terán a consideración de itinerantes, nin poderán desenvolverse en réxime de quendas, nin en horario nocturno, nin serán incompatibles co desenvolvemento das funcións e tarefas asignadas a este colectivo.
3. Os postos a desenvolver terán unha duración mínima estimada de 1 mes.
4. Non se penalizarán a aquelas persoas aspirantes que ata en tres ocasións rexeiten as prazas ofertadas que se encontren nunha localidade diferente á da súa residencia habitual.

Artigo 16. Comisión de Seguimento e Interpretación

1. Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación para o seguimento dos nomeamentos e contratos celebrados en aplicación deste Regulamento á que dará conta o Servizo de Recursos Humanos en relación coa xestión das respectivas listas e que resolverá cuestións interpretativas deste regulamento.
2. A Comisión de Seguimento será paritaria, constituirase unha nova despois de cada proceso de eleccións sindicais e a súa composición será a seguinte:

Presidencia: xefa/e do Servizo de Recursos Humanos.

Vogais:

Unha persoa por cada sindicato con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

O/a xefe/a de sección de Planificación de Recursos Humanos

O/a xefe/a de sección de Xestión de Recursos Humanos

Secretaría: o/a xefe/a de departamento de Planificación I do Servizo de Recursos Humanos.

Se fose distinto o número de representantes sindicais, o Presidente da Deputación nomeará os vogais precisos ata acadar a paridade.

3. Esta Comisión reunirase alo menos unha vez ao ano ou cando así o requira o Servizo de Recursos Humanos para resolver ou avaliar as situacións extraordinarias ou a solicitude dunha maioría dos representantes da parte social e recolleranse nunha acta as decisións que se tomen.

Artigo 17. Funcións da Comisión de Seguimento e Interpretación

1. Decidir na primeira sesión tras a aprobación do regulamento o número de persoas aspirantes que serán chamadas polo programa ao inicio.

2. Facer un seguimento dos movementos das listas e o funcionamento do Regulamento para poder facer propostas de mellora, para elo deberán ter acceso á totalidade das listas completas.

3. Resolver as dúbidas de interpretación do presente Regulamento, ou polo menos validar as interpretacións que se fagan con carácter urxente na xestión diaria das listas, emitindo ditames de interpretación para a súa consolidación e conseguinte utilización no futuro.

4. Estudo das dúbidas, queixas, alegacións ou reclamacións que se presenten en relación coa xestión das listas de contratación temporal.

Artigo 18. Comunicación ás persoas da Comisión das resolucións derivadas da aplicación deste regulamento

As resolucións derivadas da aplicación deste regulamento serán comunicadas no momento de producirse ás persoas que forman parte da Comisión de Seguimento. Ás persoas que o fan pola parte social, comunicaráselle a través do correo corporativo da correspondente sección sindical.

Disposición adicional primeira. Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados coa única finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

A Deputación Provincial da Coruña é responsable do tratamento destes datos e ten publicada a súa política de privacidade.

O tratamento de datos é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (artigo 6.1 c) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos), segundo se sinala no Rexistro de Actividades de Tratamento (RAT) da Deputación da Coruña.

Acceso á Política de Privacidade e ao Rexistro de Actividades de Tratamento (RAT) da Deputación da Coruña no seguinte enlace:

https://sede.dacoruna.gal/sxc/es/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/

Proteccion_Datos/ProteccionDatos.html

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poderán exercerse polas persoas interesadas a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A Deputación provincial da Coruña conta cun Delegado de Protección de Datos, con quen as persoas interesadas poderán poñerse en contacto a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Para facilitar o exercicio dos dereitos referidos, a Deputación pon á súa disposición un modelo de solicitude dispoñible en:

<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/>

EjercicioDerechosLOPD_N

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos tamén ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), www.aepd.es.

A normativa aplicable ao tratamento dos datos neste procedemento é o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposición derogatoria

A entrada en vigor deste regulamento suporá a derogación automática dos regulamentos de 2008 e 2020 da Deputación da Coruña sobre esta materia para todos os efectos.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

2. Expoñer ao público o presente acordo mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de transparencia da Deputación durante o prazo de 30 días hábiles, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.
3. Entender que a aprobación inicial é definitiva no caso de que, transcorrido o período de exposición pública non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoitar un novo acordo plenario. En caso



Deputación
DA CORUÑA

contrario, as reclamacións ou suxestións presentadas haberán de ser resoltas polo pleno.

4. Publicar o contido íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia, despois da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña 2026

1º Levantar os reparos emitidos pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais

Non queda suficientemente definido o obxecto do convenio, así como os dereitos e obrigas das partes, incumprindo así o artigo 49 c) da Lei 49/2015, e imposibilitando unha adecuada verificación da aplicación dos fondos provinciais comprometidos.

2º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, para financiar as “ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA 2026”

4º A aportación provincial prevista no convenio ascende a un total de 560.000,00 euros, para colaborar financeiramente coa Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña

5º As actuacións de promoción previstas son:

1.Promoción do turismo deportivo a través do apoio á organización de eventos relacionados co surf e o que se desenvolvan na provincia.

6º A aportación provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/75101

7º O texto do convenio sería o seguinte;

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA 2026

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Dº. Xosé Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 y 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 del Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF). Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia

para a promoción e ordenación do turismo.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 y 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios

Cuarto.- Que, de acordo co artigo 6 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, corresponde ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción dos recursos turísticos que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica

Quinto.- Que o proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña, a través do presente convenio de colaboración, contribuirá á promoción da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico privilexiado e singular, e á divulgación da cultura xacobeá; ademais favorecerá a imaxe de Galicia como destino fornecedor de grandes eventos, o que porá en valor á nosa Comunidade Autónoma como un destino turístico único caracterizado pola súa excelencia e calidade.

Sexto.- Que o apoio económico para a promoción de grandes eventos de toda índole, desde culturais, artísticos, deportivos ata gastronómicos, supón unha gran repercusión mediática, de tal xeito que, en moitos casos, o investimento económico chega a multiplicarse de forma exponencial en función da importancia do evento.

As grandes feiras, congresos e eventos culturais ou deportivos, implican ademais un gran impacto económico e turístico que chega máis aló mesmo das datas que

abarca o evento. Hoteis e restaurantes, independentemente do seu número de estrelas ou prezo, conseguen a plena ocupación durante a celebración de eventos, mellorando incluso o puntal que se alcanza durante os períodos de vacacións.

Sétimo.- Que co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña consideran esencial colaborar na promoción de eventos, posto que se trata dunha acción de interese común e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na provincia da Coruña e na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para o financiamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña no ano 2026.

As actuacións obxecto deste convenio executaranse por parte da Axencia de Turismo de Galicia mediante a tramitación dos oportunos instrumentos administrativos de acordo coa normativa vixente.

As actuacións previstas son aquelas relacionadas coa promoción do turismo deportivo a través do apoio á organización de eventos que se desenvolvan na provincia ou que supoñan promoción para a provincia, de acordo coa seguinte previsión, que serán financiadas na súa totalidade coa achega da Deputación:

- 2 Evento ABANCA Pantín Classic Galicia Pro. Achega máxima: 200.000 €
- 3 Evento Gadis Surf Festival Ferrol Longboard. Achega máxima: 110.000 €
- 4 Evento Junior Pro Razo. Achega máxima: 150.000 €
- 5 Promoción Team Dakar Galicia. Achega máxima: 100.000 €

Segunda.- Orzamento e operativa da colaboración.

O importe da colaboración será dun total de cincocentos sesenta mil euros (560.000 €) que serán achegados pola Deputación provincial da Coruña con cargo

**RPT-6654235

á aplicación orzamentaria 0510/4321/75101.

Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ampliarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004.

Estes fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ingresaranse, no prazo máximo dun mes desde a sinatura deste convenio, no Tesouro Público da Xunta de Galicia na súa conta operativa aberta na entidade ABANCA (Conta nº: ES82 2080 0300 8731 1006 3172), no concepto de: Colaboración financeira coa Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña.

Xustificada a boa execución das actuacións, a Axencia de Turismo de Galicia remitirá certificación da total realización da mesma e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas neste convenio.

Terceira.- Compromiso das partes.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese á tramitación dos correspondentes instrumentos administrativos para canalizar as colaboracións e a achegar, no seu caso, o cofinanciamento que se estime oportuno.

Nos procedementos administrativos a Axencia Turismo de Galicia axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación vixente en materia de contratación pública e de réxime xurídico do sector público.

A Deputación Provincial de Coruña comprométese ao financiamento das distintas actuacións de promoción turística de Galicia e da provincia da Coruña de acordo co establecido na cláusula segunda.

Na información que se difunda sobre as actuacións obxecto deste convenio, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír deberase facer constar sempre o financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña, así como a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade". Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera

outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Sétima.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen

presentar

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Novena.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección da Axencia Turismo de Galicia remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos do presente convenio serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

Décima.- Protección de datos persoais.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos

asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

Décimo primeira.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e incluírá gastos con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026.

Décimo segunda.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento dixitalmente

Pola Axencia Turismo de Galicia
Xosé Manuel Merelles Remy

Pola Deputación Provincial de Coruña
Xosé Regueira Varela

25.- Aprobación do proxecto de obra DP 1705 Tarrío a O Gaiteiro. Mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP e polideportivo de Tarrío (Culleredo)

Aprobar o proxecto DP 1705 Tarrío a o Gaiteiro. Mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP e polideportivo de Tarrío (Culleredo) e consideralo incluído no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación orzamentaria que se detalla:

Denominación: DP 1705 Tarrío a o Gaiteiro. Mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP e polideportivo de Tarrío (Culleredo)

Aplicación orzamentaria: 0410/4531/60900

Código: 2026.1110.0003.0

Orzamento: 221.001,30 €

Prazo de execucion: 4 meses